

PATRICE LACOMBE

A terra paterna

Traducido por Marie Abraira



Vólvense os paxaros contra as escopetas

I

UN FILLO DA TERRA

Entre todas as paisaxes sobranceiras que aparecen ante os ollos do viaxeiro cando, durante a fermosa estación, percorre a costa norte da illa de Montreal, o lugar chamado «Gros Sault»¹ é aquel que elixe para parar, impresionado como fica pola frescura dos seus campos e a pintoresca vista da paisaxe que o arrodea.

A ramificación do Outaouais toma neste lugar o nome de «río Des Prairies», e as súas augas impetuosas e profundas discorren até o extremo da illa, onde se reúnen coas do río Saint-Laurent². Un bosque de fermosas árbores respectadas polo tempo e polo machado do labrego, cobre nunha grande extensión a costa e a ribeira. Algunhas delas, arrincadas en parte pola forza da corrente, inclínanse sobre as augas e parecen mirarse

¹ *Sault* no francés antigo designa os rápidos dun río. Como se indica páxinas máis adiante, a familia Chavin reside na parroquia de Sault-au-Récollet nas beiras do río Des Prairies.

² O río Des Prairies ('das Pradarías') é un curso de auga situado entre a Illa de Montreal e a Illa Jésus, na cidade de Laval, que nace no Lac des Deux Montagnes e aboca no río Saint-Laurent. Noutroora coñecíase co nome de Skawanoti, en lingua iroquesa 'o río tras a illa'. Foi o explorador Samuel de Champlain quen lle cambiou o nome ao río en honra a un dos seus compañeiros, François des Prairies, que se perdeu nunha expedición.

no nidio cristal que baña os seus pés. Un céspede vizo-
so esténdese coma unha fermosa alfombra verde baixo
estas árbores, cuxa frondosa copa ofrece unha sombra
impenetrable para a ardentía do sol.

Outrora, a industria soubo tirar partido do rápido
curso deste río, cuxas augas alimentan aínda hoxe dous
muíños: un sobre a illa de Montreal, chamado o Muí-
ño do Gros Sault, e hai tempo propiedade dos nosos
señores³; e o outro, case en fronte, sobre a Illa Jésus,
chamado o Muíño do Crochet, que pertence ao semina-
rio do Quebec⁴.

O murmurio xordo e maxestoso das augas, a apari-
ción inesperada dunha ancha balsa cargada de madei-
ra e arrastrada con rapidez entre os berros de ledicia
dos seus atufados guiadores, as vivendas dos labregos
sitas nas dúas beiras opostas, a intervalos case regula-
res e que se separan agradablemente sobre o verdor som-
brío das árbores que as arrodean, forman unha imaxe
do máis satisfactoria para o espectador.

Este encantador lugar non podía deixar de atraer a
atención dos afeccionados á fermosa natureza; dese xei-
to, cada ano, durante a estación cálida, constitúe a cita

³Muíño hidráulico construído pola Compañía dos Padres de San Sul-
picio, señores e colonizadores da illa de Montreal dende 1663, que na súa
condición de misioneiros, exploradores, párrocos e señores, crearon escolas,
hospitais, organismos para os pobres, bibliotecas para favorecer a lectura
e trataron de desenvolver todo tipo de artes entre os autóctonos. En 1798,
consonte os seus deberes señoriais, os cregos constrúen ese muíño na parte
alta dos rápidos na Illa Perry, e pouco e pouco, no denominado na época
camiño de Bord-de-l'Eau, van proliferando as granxas, mentres que a pai-
saxe circundante se dedica ao cultivo e ao pasto. O muíño foi derrubado
en 1892.

⁴O muíño do Crochet, na Illa de Laval, foi construído a comezos do
século XIX polos Padres do Seminario do Quebec, propietarios da illa
durante moitos decenios. Na actualidade non existe.

